



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN, FORMACIÓN
PROFESIONAL E UNIVERSIDADES



CPI de ATIOS
Valdoviño

Avda. de San Sadurniño 33
15552 Valdoviño
Tífono: 881 938 107
cpi.atios@edu.xunta.gal

CONCRECIÓN CURRICULAR

CPI
DE
ATIOS

VALDOVIÑO

Curso 2022-23



ÍNDICE

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.	Páx. 3
- Educación Infantil	Páx. 3
- Educación Primaria	Páx. 3
- Educación Secundaria	Páx. 5
b) A contribución á adquisición das competencias.	Páx. 7
- A contribución das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria á consecución das competencias clave	Páx. 7
- A contribución das etapas de Educación Secundaria Obrigatoria á consecución das competencias clave	Páx. 9
c) Criterios para incorporar elementos transversais.	Páx. 12
- Educación Infantil e Primaria	Páx. 13
- Educación Secundaria	Páx. 14
d) Criterios xerais sobre a metodoloxía.	Páx. 18
- Educación Infantil	Páx. 17
- Educación Primaria	Páx. 18
- Educación Secundaria	Páx. 19
e) Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.	Páx. 20
f) Criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.	Páx. 21
- Educación Infantil e Primaria	Páx. 21
- Educación Secundaria	Páx. 22
g) Criterios para o deseño de actividades complementarias.	Páx. 24
h) Criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.	Páx. 25
i) Criterios para o deseño de plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.	Páx. 26
- Educación Primaria	Páx. 26
- Educación Secundaria	Páx. 27
j) Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado.	Páx. 28
- Carácter da avaliación	Páx. 28
- Resultados da avaliación	Páx. 28
- Desenvolvemento das sesións de avaliación	Páx. 31
- Sesións de avaliación inicial	Páx. 32
- Sesións de avaliación final	Páx. 32
- Informe final de avaliación	Páx. 33
- Outras consideracións	Páx. 34
k) Criterios xerais sobre promoción e titulación.	Páx. 35
- Promoción en Educación Infantil e Primaria	Páx. 35
- Promoción en Educación Secundaria	Páx. 36
- Titulación en Educación Secundaria	Páx. 37
- Criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.	Páx. 38
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.	Páx. 38
m) Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.	Páx. 39
n) Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.	Páx. 39

CONCRECIÓN CURRICULAR

a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro.

Educación Infantil

A Educación Infantil no CPI de Atios, contribuirá a desenvolver nas nenas e nenos as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Os obxectivos xerais expostos para os alumnos e alumnas de Educación Infantil do CPI de Atios están moi centrados no desenvolvemento das habilidades persoais, habilidades individuais que xiran en torno á progresiva consecución de maior autonomía persoal, a iniciación no coñecemento do entorno, e tamén habilidades sociais tendo en conta que na escola se van a producir as primeiras relacións sociais destes nenos e nenas, foran previamente ou non foran á escola infantil. A colaboración coas familias se considera básica para a consecución dos obxectivos nesta etapa, e constitúe un dos eixos fundamentais nos que se asenta o traballo en Educación Infantil.

Educación Primaria

Segundo o DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, a educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nenas as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudio, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así coma nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e a as diferencias entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá, e desenrolar hábitos de lectura en ambas linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenrolar as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaz de aplicarlos a situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenrolando un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferencias e empregar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenrolar as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestión de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia ás mulleres e homes que realizaron aportacións importantes á cultura e á sociedade galegas.

Os obxectivos de primaria están centrados na progresiva adquisición de autonomía dos alumnos e no coñecemento e experimentación do seu mundo máis próximo; neste sentido a escola de Atios intenta manterse en continuo contacto co entorno da escola, coas familias en primeiro lugar, co concello, coas entidades locais, de xeito que as portas do colexio están permanente abertas a propostas educativas que proveñan do entorno que rodea Atios, e as propostas educativas programadas dende os ciclos educativos de primaria buscan permanentemente a conexión dos contidos escolares co entorno real dos nenos e nenas de Atios.

Educación Secundaria Obrigatoria

Segundo se recolle no Decreto 156 /2022 do 15 de setembro polo que se establece a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- j) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- k) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- l) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- m) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- n) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Por tanto, todo o alumnado de secundaria do CPI de Atios debe alcanzar estes logros ao rematar esta etapa como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe planificadas para tal fin. Seguindo o sentir das dúas etapas anteriores (infantil e primaria) e polo tanto, o sentir xeral do CPI de Atios, a aprendizaxe baséase en competencias caracterizadas pola súa transversalidade e dinamismo así como no deseño de tarefas que permitan avanzar máis dunha competencia ao mesmo tempo.

b) A contribución á adquisición das competencias.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións anteriormente expostas, a normativa educativa establece oito competencias clave:

1. Competencia en comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia plurilingüe (CP).
3. Competencia matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
4. Competencia dixital (CD).
5. Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
6. Competencia cidadá (CC).
7. Competencia emprendedora (CE).
8. Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

A contribución das etapas de Educación Infantil e Educación Primaria á consecución das competencias clave

A competencia clave é «a capacidade de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas. O concepto de competencia inclúe tanto os saberes como as habilidades e as actitudes e vai máis alá do saber e do saber facer, incluíndo o saber ser ou estar». Coas áreas e materias do currículo preténdese que todos os alumnos e as alumnas adquiran as competencias que se relatan a continuación:

CCL: Competencia en comunicación lingüística. En infantil e primaria o desenvolvemento desta competencia vai supoñer a utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, das emocións e da conduta.

CP: Competencia plurilingüe.

A competencia plurilingüe implica utilizar distintas linguas, orais ou signadas, de forma apropiada e eficaz, para a aprendizaxe e a comunicación. Esta competencia supón recoñecer e respectar os perfís lingüísticos individuais e aproveitar as experiencias propias para desenvolver estratexias que permitan mediar e facer transferencias entre linguas, incluídas as clásicas, e, de ser o caso, manter e adquirir destrezas na lingua ou linguas familiares e nas linguas oficiais. Integra, así mesmo, dimensións históricas e interculturais orientadas a coñecer, valorar e

respectar a diversidade lingüística e cultural da sociedade co obxectivo de fomentar a convivencia democrática.

STEM: Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

A competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (competencia STEM, polas súas siglas en inglés) entraña a comprensión do mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemáticos, a tecnoloxía e os métodos da enxeñaría para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sustentable.

A competencia matemática permite desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemáticos co fin de resolver diversos problemas en diferentes contextos.

A competencia en ciencia supón a comprensión e explicación da contorna natural e social, utilizando un conxunto de coñecementos e metodoloxías, incluídas a observación e a experimentación, co fin de formular preguntas e extraer conclusións baseadas en probas para poder interpretar e transformar o mundo natural e o contexto social.

A competencia en tecnoloxía e enxeñaría comprende a aplicación dos coñecementos e metodoloxías propios das ciencias para transformar a nosa sociedade de acordo coas necesidades ou desexos das persoas nun marco de seguridade, responsabilidade e sustentabilidade.

CD: Competencia dixital.

A competencia dixital implica o uso seguro, saudable, sustentable, crítico e responsable das tecnoloxías dixitais para a aprendizaxe, para o traballo e para a participación na sociedade, así como a interacción con estas.

Inclúe a alfabetización en información e datos, a comunicación e a colaboración, a educación mediática, a creación de contidos dixitais (incluída a programación), a seguridade (incluído o benestar dixital e as competencias relacionadas coa ciberseguridade), asuntos relacionados coa cidadanía dixital, a privacidade, a propiedade intelectual, a resolución de problemas e o pensamento computacional e crítico.

CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

A competencia persoal, social e de aprender a aprender implica a capacidade de reflexionar sobre un mesmo para autoconecerse, aceptarse e promover un crecemento persoal constante; xestionar o tempo e a información eficazmente, colaborar con outros de forma construtiva, manter a resiliencia e xestionar a aprendizaxe ao longo da vida. Inclúe tamén a capacidade de lle facer fronte á incerteza e á complexidade, de adaptarse aos cambios, de aprender a xestionar os procesos metacognitivos, de identificar condutas contrarias á convivencia e desenvolver estratexias para abordalas, contribuír ao benestar físico, mental e emocional propio e das demais persoas, desenvolvendo habilidades para coidarse a si mesmo e a quen o rodea a través da corresponsabilidade; ser capaz de levar unha vida orientada ao futuro, así como expresar empatía e abordar os conflitos nun contexto integrador e de apoio.

CC: Competencia cidadá.

A competencia cidadá contribúe a que alumnas e alumnos poidan exercer unha cidadanía responsable e participar plenamente na vida social e cívica, baseándose na comprensión dos conceptos e nas estruturas sociais, económicas, xurídicas e políticas, así como no coñecemento dos acontecementos mundiais e no compromiso activo coa sustentabilidade e co logro dunha cidadanía mundial. Inclúe a alfabetización cívica, a adopción consciente dos valores propios dunha cultura democrática fundada no respecto aos dereitos humanos, a reflexión crítica sobre os grandes problemas éticos do noso tempo e o desenvolvemento dun estilo de vida sustentable acorde cos obxectivos de desenvolvemento sustentable expostos na Axenda 2030.

CE: Competencia emprendedora.

A competencia emprendedora implica desenvolver un enfoque vital dirixido a actuar sobre oportunidades e ideas, utilizando os coñecementos específicos necesarios para xerar resultados de valor para outras persoas. Achega estratexias que permiten adaptar a mirada para detectar necesidades e oportunidades, adestrar o pensamento para analizar e avaliar a contorna, e para crear e reformular ideas utilizando a imaxinación, a creatividade, o pensamento estratéxico e a reflexión ética, crítica e construtiva dentro dos procesos creativos e de innovación; e espertar a disposición para aprender a arriscar e a afrontar a incerteza. Así mesmo, implica tomar decisións baseadas na información e no coñecemento e colaborar de maneira áxil con outras persoas, con motivación, empatía e habilidades de comunicación e de negociación, para levar as ideas expostas á acción mediante a planificación e xestión de proxectos sustentables de valor social, cultural e económico-financeiro.

CCEC: Competencia en conciencia e expresión culturais.

A competencia en conciencia e expresión culturais supón comprender e respectar o modo en que as ideas, as opinións, os sentimentos e as emocións se expresan e se comunican de forma creativa en distintas culturas e por medio dunha ampla gama de manifestacións artísticas e culturais. Implica tamén un compromiso coa comprensión, o desenvolvemento e a expresión das ideas propias e do sentido do lugar que se ocupa ou do papel que se desempeña na sociedade. Así mesmo, require a comprensión da propia identidade en evolución e do patrimonio cultural nun mundo caracterizado pola diversidade, así como a toma de conciencia de que a arte e outras manifestacións culturais poden supoñer unha maneira de mirar o mundo e de darlle forma.

Dado que as competencias se adquiren necesariamente de forma secuencial e progresiva, hai que favorecer a continuidade, a coherencia e a cohesión entre as dúas etapas que compoñen o ensino obrigatorio. Así, **ao completar o ensino básico, a alumna ou o alumno debe:**

CCL: Competencia lingüística

Exprésase de forma oral, escrita, signada ou multimodal con coherencia, corrección e adecuación aos diferentes contextos sociais, e participa en interaccións comunicativas con actitude cooperativa e respectuosa tanto para intercambiar información, crear coñecemento e transmitir opinións como para construír vínculos persoais. Comprende, interpreta e valora con

actitude crítica textos orais, escritos, signados ou multimodais dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional para participar en diferentes contextos de maneira activa e informada e para construír coñecemento. Localiza, selecciona e contrasta de maneira progresivamente autónoma información procedente de diferentes fontes, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e íntegra e transfórmaa en coñecemento para comunicala adoptando un punto de vista creativo, crítico e persoal á vez que respectuoso coa propiedade intelectual. Le con autonomía obras diversas adecuadas á súa idade, seleccionando as que mellor se axustan aos seus gustos e intereses; aprecia o patrimonio literario como canle privilexiada da experiencia individual e colectiva; e mobiliza a súa propia experiencia biográfica e os seus coñecementos literarios e culturais para construír e compartir a súa interpretación das obras e para crear textos de intención literaria de progresiva complexidade. Pon as súas prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a igualdade de dereitos de todas as persoas, evitando os usos discriminatorios, así como os abusos de poder, para favorecer a utilización non só eficaz senón tamén ética dos diferentes sistemas de comunicación.

CP: Competencia plurilingüe.

Usa eficazmente unha ou máis linguas, ademais da lingua ou linguas familiares, para responder ás súas necesidades comunicativas, de maneira apropiada e adecuada tanto ao seu desenvolvemento e intereses como a diferentes situacións e contextos dos ámbitos persoal, social, educativo e profesional. A partir das súas experiencias, realiza transferencias entre distintas linguas como estratexia para comunicarse e ampliar o seu repertorio lingüístico individual. Coñece, valora e respecta a diversidade lingüística e cultural presente na sociedade, integrándoa no seu desenvolvemento persoal como factor de diálogo, para fomentar a cohesión social.

STEM: Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría.

Utiliza métodos indutivos e dedutivos propios do razoamento matemático en situacións coñecidas, e selecciona e emprega diferentes estratexias para resolver problemas analizando criticamente as solucións e reformulando o procedemento, se é necesario. Utiliza o pensamento científico para entender e explicar os fenómenos que ocorren ao seu arredor, confiando no coñecemento como motor de desenvolvemento, facéndose preguntas e comprobando hipóteses mediante a experimentación e a indagación, utilizando ferramentas e instrumentos adecuados, apreciando a importancia da precisión e a veracidade e mostrando unha actitude crítica sobre o alcance e as limitacións da ciencia. Formula e desenvolve proxectos deseñando, fabricando e avaliando diferentes prototipos ou modelos para xerar ou utilizar produtos que dean solución a unha necesidade ou problema de forma creativa e en equipo, procurando a participación de todo o grupo, resolvendo pacificamente os conflitos que poidan xurdir, adaptándose ante a incerteza e valorando a importancia da sustentabilidade. Interpreta e transmite os elementos máis relevantes de procesos, razoamentos, demostracións, métodos e resultados científicos, matemáticos e tecnolóxicos de forma clara e precisa e en diferentes formatos (gráficos, táboas, diagramas, fórmulas, esquemas, símbolos...), aproveitando de forma crítica a cultura dixital e incluíndo a linguaxe matemático-formal con ética e responsabilidade, para compartir e construír novos

coñecementos. Emprende accións fundamentadas cientificamente para promover a saúde física, mental e social, e preservar o ambiente e os seres vivos; e aplica principios de ética e seguridade na realización de proxectos para transformar a súa contorna próxima de forma sustentable, valorando o seu impacto global e practicando o consumo responsable.

CD: Competencia dixital.

Realiza procuras na internet atendendo a criterios de validez, calidade, actualidade e fiabilidade, seleccionando os resultados de maneira crítica e arquivándoos, para recuperalos, referenciais e reutilizalos, respectando a propiedade intelectual. Xestiona e utiliza a súa contorna persoal dixital de aprendizaxe para construír coñecemento e crear contidos dixitais, mediante estratexias de tratamento da información e o uso de diferentes ferramentas dixitais, seleccionando e configurando a máis adecuada en función da tarefa e das súas necesidades de aprendizaxe permanente. Comunícase, participa, colabora e interactúa compartindo contidos, datos e información mediante ferramentas ou plataformas virtuais, e xestiona de maneira responsable as súas accións, presenza e visibilidade na rede, para exercer unha cidadanía dixital activa, cívica e reflexiva. Identifica riscos e adopta medidas preventivas ao usar as tecnoloxías dixitais para protexer os dispositivos, os datos persoais, a saúde e o ambiente, e para tomar conciencia da importancia e necesidade de facer un uso crítico, legal, seguro, saudable e sustentable das devanditas tecnoloxías. Desenvolve aplicacións informáticas sinxelas e solucións tecnolóxicas creativas e sustentables para resolver problemas concretos ou responder a retos propostos, mostrando interese e curiosidade pola evolución das tecnoloxías dixitais e polo seu desenvolvemento sustentable e uso ético.

CPSAA: Competencia persoal, social e de aprender a aprender.

Regula e expresa as súas emocións, fortalecendo o optimismo, a resiliencia, a autoeficacia e a procura de propósito e motivación cara á aprendizaxe, para xestionar os retos e cambios e harmonizalos cos seus propios obxectivos.

Comprende os riscos para a saúde relacionados con factores sociais, consolida estilos de vida saudable nos ámbitos físico e mental, reconece condutas contrarias á convivencia e aplica estratexias para abordalas. Comprende proactivamente as perspectivas e as experiencias das demais persoas e incorpóraas á súa aprendizaxe, para participar no traballo en grupo, distribuindo e aceptando tarefas e responsabilidades de maneira equitativa e empregando estratexias cooperativas. Realiza autoavaliacións sobre o seu proceso de aprendizaxe, buscando fontes fiables para validar, sustentar e contrastar a información e para obter conclusións relevantes. Planea obxectivos a medio prazo e desenvolve procesos metacognitivos de retroalimentación para aprender dos seus erros no proceso de construción do coñecemento.

CC: Competencia cidadá.

Analiza e comprende ideas relativas á dimensión social e cidadá da súa propia identidade, así como aos feitos culturais, históricos e normativos que a determinan, demostrando respecto polas normas, empatía, equidade e espírito construtivo na interacción cos demais en calquera contexto. Analiza e asume fundadamente os principios e valores que emanan do proceso de integración

europaea, a Constitución española e os dereitos humanos e da infancia, participando en actividades comunitarias, como a toma de decisións ou a resolución de conflitos, con actitude democrática, respecto pola diversidade e compromiso coa igualdade de xénero, a cohesión social, o desenvolvemento sustentable e o logro da cidadanía mundial. Comprende e analiza problemas éticos fundamentais e de actualidade, considerando criticamente os valores propios e alleos, e desenvolvendo xuízos propios para afrontar a controversia moral con actitude dialogante, argumentativa, respectuosa e oposta a calquera tipo de discriminación ou violencia. Comprende as relacións sistémicas de interdependencia, ecodependencia e interconexión entre actuacións locais e globais, e adopta, de forma consciente e motivada, un estilo de vida sustentable e ecosocialmente responsable.

CE: Competencia emprendedora.

Analiza necesidades e oportunidades e afronta retos con sentido crítico, facendo balance da súa sustentabilidade, valorando o impacto que poidan supoñer na contorna, para presentar ideas e solucións innovadoras, éticas e sustentables, dirixidas a crear valor no ámbito persoal, social, educativo e profesional. Avalía as fortalezas e debilidades propias, facendo uso de estratexias de autoconecemento e autoeficacia, e comprende os elementos fundamentais da economía e das finanzas, aplicando coñecementos económicos e financeiros a actividades e situacións concretas, utilizando destrezas que favorezan o traballo colaborativo e en equipo, para reunir e optimizar os recursos necesarios que leven á acción unha experiencia emprendedora que xere valor. Desenvolve o proceso de creación de ideas e solucións valiosas e toma decisións, de maneira razoada, utilizando estratexias áxiles de planificación e xestión, e reflexiona sobre o proceso realizado e o resultado obtido, para levar a termo o proceso de creación de prototipos innovadores e de valor, considerando a experiencia como unha oportunidade para aprender.

CCEC: Competencia en conciencia e expresión culturais.

Coñece, aprecia criticamente e respecta o patrimonio cultural e artístico, implicándose na súa conservación e valorando o enriquecemento inherente á diversidade cultural e artística. Goza, recoñece e analiza con autonomía as especificidades e intencionalidades das manifestacións artísticas e culturais máis destacadas do patrimonio, distinguindo os medios e soportes, así como as linguaxes e elementos técnicos que as caracterizan. Expresa ideas, opinións, sentimentos e emocións por medio de producións culturais e artísticas, integrando o seu propio corpo e desenvolvendo a autoestima, a creatividade e o sentido do lugar que ocupa na sociedade, cunha actitude empática, aberta e colaborativa. Coñece, selecciona e utiliza con creatividade diversos medios e soportes, así como técnicas plásticas, visuais, audiovisuais, sonoras ou corporais, para a creación de produtos artísticos e culturais, tanto de forma individual como colaborativa, identificando oportunidades de desenvolvemento persoal, social e laboral, así como de emprendemento.

c) **Criterios para incorporar elementos transversais.**

Existen diferentes contidos que teñen un carácter transversal a todo o currículo e, por conseguinte, deben ser tidos en conta nas diferentes programacións das materias, áreas e ámbitos. Estes contidos transversais son:

1. Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias da etapa, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias.
2. En todo caso, fomentaranse de maneira transversal a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual, a formación estética, a concienciación e formación sobre o cambio climático, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.
3. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.
4. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

Educación Infantil e Primaria

A educación en valores fai referencia a todos aqueles contidos que non se inclúen en ningunha área curricular concreta, e que non pertencen a unha etapa educativa particular, senón que interactúan en todas as áreas do currículo. Non se trata dun conxunto de ensinanzas autónomas, son máis ben unha serie de elementos da aprendizaxe integrados dentro das diferentes áreas de coñecemento. Por iso, atendendo aos principios educativos básicos e ao desenvolvemento das competencias, a educación en valores deberá formar parte de todos os procesos de ensino e aprendizaxe por ser un dos elementos de maior relevancia na educación do alumnado que pretende conseguir as finalidades seguintes:

- Desenvolver o sentido crítico para valorar situacións de inxustiza social e persoal.
- Defender formas de vida máis xustas en consonancia cos dereitos humanos.
- Potenciar os principios democráticos para adquirir comportamentos coherentes coas normas elaboradas por eles mesmos e coas dadas pola sociedade.
- Estimular o diálogo como principal vía para resolución de conflitos entre as persoas.
- Desenvolver a capacidade dos alumnos para regular a súa propia aprendizaxe.
- Apreciar os roles sexuais e o exercicio da sexualidade como comunicación plena entre as persoas.

- Desenvolver a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- Participar decidida e solidariamente na resolución dos problemas ambientais que afectan ao contorno máis próximo.
- Coñecer e respectar as normas establecidas para a mellor organización e uso da circulación viaria.
- Promover a formación dunha opinión crítica fronte ás ofertas da sociedade de consumo.
- Desenvolver actitudes positivas cara ás demais culturas do contorno e doutras máis afastadas xeograficamente.
- Potenciar as actitudes que valoren a educación como motor de desenvolvemento dos pobos.
- Proporcionar ao alumnado estratexias que lle permitan adaptarse ás situacións cambiantes da sociedade.

Os mestres de infantil e primaria do CPI de Atios somos conscientes de que o traballo coas temáticas de tipo transversal require da súa integración diaria en todas e cada unha das materias que constitúen o currículo, e en todas e cada unha das actividades e tarefas educativas expostas nas aulas. Deste xeito, o respecto á diversidade, a solidariedade, a tolerancia, a cooperación, a coeducación, o rexeitamento ao racismo e a xenofobia, o pacifismo, a conciencia ambiental, ... deberán formar parte das propostas educativas que día a día enchan as aulas de infantil e primaria. Cada ciclo deberá incluír os temas transversais nas súas respectivas programacións e por suposto estas temáticas estarán presentes no Plan de Acción Titorial, e formarán parte tamén das programacións de todos e cada un dos equipos que dinamizan a vida do centro, o Equipo de Normalización Lingüística, o Equipo de Biblioteca, o Equipo de actividades extraescolares, o equipo TICs e o Equipo de Convivencia, e incluso, dos plans de formación dos mestres de infantil e primaria.

Educación Secundaria Obrigatoria

A súa importancia é esencial para que a educación cumpra o seu sentido pleno de contribuír á formación integral de ser humano para que se incorpore á sociedade de forma autónoma e participativa.

Dende o centro entendemos que o tratamento dos contidos de carácter transversal ao longo de todo o currículo mediante a súa integración nas materias ou ámbitos permite que se desenvolvan os valores e actitudes que se contemplan tanto nas nosas finalidades educativas coma nas capacidades xerais a desenvolver na ESO, por exemplo, o respecto á diversidade, o pensamento crítico, a solidariedade, a tolerancia, a aceptación persoal, a democracia, o pluralismo, a autonomía persoal, a cooperación, a coeducación, o rexeitamento ao racismo e a xenofobia, o pacifismo...



Adoptando como base esta conceptualización, cada Departamento Didáctico incluirá os temas transversais nas súas respectivas programacións de materia ou ámbito, así como tamén estará reflectido no Plan de Acción Titorial.

Como criterios xerais para abordar a presenza dos contidos de carácter transversal nas materias/ámbitos propoñemos como centro:

- a) Integración dos contidos transversais no traballo diario a aula.
- b) Relacionar os obxectivos das programacións cos principios dos contidos transversais.
- c) Integrar os contidos propios de cada materia/ámbitos cos principios dos contidos transversais: selección e organización de contidos.
- d) Diseñar actividades concretas nas cales o alumnado adquira competencias relacionadas con valores e actitudes propias deste tipo de contidos.
- e) Elección de materiais e recursos didácticos que integren estes contidos.

Ao longo do curso, na medida do posible, realizaranse diversas actividades relacionadas coa educación en valores, como charlas puntuais, onde se traballen os seguintes contidos:

- a) Sensibilización ao alumnado sobre condutas e hábitos de seguridade viaria.
- b) Desenvolvemento de actitudes de educación para a convivencia no pluralismo e a diferenza.
- c) Respecto á autonomía dos demais.
- d) Uso do diálogo como xeito de solucionar os conflitos.
- e) Educación multicultural e intercultural: rexeitamento de actitudes racistas e xenófobas.
- f) Espertar o interese por coñecer outras culturas diferentes á propia.
- g) Desenvolvemento de hábitos de saúde como a hixiene corporal e mental e a alimentación correcta.
- h) Desenvolvemento dunha actitude que identifique e rexeite a discriminación da muller e favoreza a educación para a igualdade.
- i) Desenvolvemento da autoestima e aceptación do corpo.
- j) Análise crítica da realidade e corrección de prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, mundo profesional e laboral.
- k) Adquisición de hábitos individuais de protección do medio natural.

- l) Adquisición de formación e información sobre diferentes aspectos da sexualidade.
- m) Desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias con motivo de efemérides, días internacionais, semanas temáticas, que afecten directamente a estes temas.
- n) Organización de actividades de portas abertas nas que participen diferentes sectores da comunidade educativa coa finalidade de integralos na vida do Centro.

En definitiva, como criterios xerais para garantir a presenza dos contidos de carácter transversal nas materias/ámbitos propoñemos como centro, ademais da integración dos contidos transversais no traballo diario da aula, relacionar os obxectivos das programacións cos principios dos contidos transversais, e deseñar actividades concretas nas cales o alumnado adquira competencias relacionadas con valores e actitudes propias deste tipo de contidos, a elección de materiais e recursos didácticos que integren estes contidos así como a programación ao longo do ano escolar de diversas actividades relacionadas coa educación en valores, como charlas, visitas de persoas de certa relevancia pola súa contribución á educación en valores, contacontos, actividades extraescolares e complementarias con motivo de efemérides de contidos transversais, e por suposto favorecer a participación dos diferentes sectores da comunidade educativa coa finalidade de integralos na vida do CPI de Atios.

Destacar, de forma especial, que o noso centro ten un Plan de Igualdade xa que participa da inqueda social que esperta toda a problemática relacionada coa diversidade. De xeito transversal, son moitas as actividades que ao longo destes anos se veñen realizando a prol da igualdade nos ámbitos que nos son próximos e que afectan á nosa comunidade educativa.

O CPI de Atios, responde, como non podía ser doutro xeito, ás directrices seguintes que marcan as autoridades competentes:

- Activación de protocolos ou medidas de intervención cando aparecen condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- Difusión dos obxectivos coeducativos entre os distintos membros da comunidade educativa (ANPA, Consello Escolar) en distintos actos e celebracións do centro.
- Promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero en charlas ao alumnado, organizadas polo Departamento de Orientación.
- Realización de actividades dirixidas a todo o alumnado co gallo das datas sinaladas no calendario escolar oficial (25 de novembro, 8 de marzo e celebracións LGBTIQA+). (Memoria DACE).

Con respecto aos documentos do centro e outras cuestións organizativas nos que explicitamente se fai referencia á igualdade engadimos os seguintes:

- O Proxecto Educativo de Centro (PEC) fai referencia explícita á coeducación no apartado segundo: OS PRINCIPIOS DE IDENTIDADE, VALORES E FINS EDUCATIVOS.

Coeducación: Traballaremos pola eliminación da discriminación contra a muller e na superación de mitos, tabús e diferenciación de roles entre a muller e o home, practicando un tipo de educación para a igualdade sen discriminación por razóns de sexo, raza, condición social, etc.

- As enquisas realizadas no proxecto Suprime o Control contribuíron a determinar o diagnóstico da situación da igualdade de xénero e da violencia machista no centro e ser o punto de partida para desenvolver o Plan de Convivencia, o Plan de Atención á Diversidade o Plan de Igualdade...

- Relacionadas coa formación en materias de libre configuración realízase a seguinte actividade:

- Programa Club de Ciencia. Desenvolto para os cursos de 4º,5º,6º de EP e a ESO. Tamén nesta actividade buscamos intencionadamente a participación feminina.

- Proxectos Europeos Erasmus+, tanto K1 como K2, este último dirixido explicitamente a mellorar e potenciar as competencias científico tecnolóxicas nas nenas. Este proxecto realízase en cooperación con diferentes países.

- Contratos Programa co programa Inluc-T: queremos participar da inxerancia social que esperta toda a problemática relacionada coa diversidade. De xeito transversal, son moitas as actividades que ao longo destes anos se veñen realizando a prol da igualdade nos ámbitos que nos son próximos e que afectan á nosa comunidade educativa. Son moitas as actividades planificadas e que implicarán de forma activa a alumnado, profesorado, familias, persoal non docente, Concello, asociacións próximas así como as escolas unitarias que temos adscritas ao noso centro. Queremos implicar ao centro e a comunidade no seu conxunto que teña repercusións futuras e que non remate neste ano académico, senón que se continúe no tempo.

Temos claro que se realmente queremos acadar un cambio real e un impacto tanto dentro coma fora da escola, non podemos deseñar actividades puntuais. Precisamos un traballo intenso e prolongado no tempo. Un traballo dende distintas miradas, enfoques, e resultados. Queremos acompañar ao noso alumnado nun camiño as veces complicado. Queremos que perciban a realidade e o grave problema que temos na sociedade actual. Queremos que aprendan o respecto e a aceptación das diferenzas como algo positivo, que interioricen a igualdade entre as persoas como algo indiscutible e que asuman como propio o reto e a responsabilidade de acadar un mundo e unha sociedade mellor. Sociedade que comeza na súa casa, na súa aula, na súa escola....

d) Criterios xerais sobre a metodoloxía.

O CPI de Atios, a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos ciclos/ Departamentos Didácticos que o integran, consensuou os seguintes criterios básicos na metodoloxía xeral, os cales tenden a favorecer o desenvolvemento das Competencias Clave no alumnado:



Educación Infantil

Partindo dun enfoque construtivista, aplícase unha metodoloxía baseada na interacción e a reflexión sobre a acción. A metodoloxía está moi relacionada coa organización espacial das aulas de Educación Infantil. Habitualmente as clases de Educación Infantil do CPI de Atios non teñen asignadas aulas fixas senón que se moven ao longo da mañá e ao longo da semana entre tres ambientes principais, unha aula de Números e Experiencias, unha aula de Lingua, e outra de Arte, todas elas dotadas dunha pantalla PDI. Ademais o CPI de Atios dispón dun pequeno patio cuberto e outro exterior con areeiro e xogos. Diariamente o alumnado realiza as Rutinas e a Asemblea á primeira hora, sempre na mesma aula. Despois, ao longo do día, realiza actividades en dous espazos diferentes. O material é compartido e específico de cada aula segundo as actividades ás que está dedicada:

- Aulas de Números e Experiencias: Estas aulas recollen todas as actividades relacionadas co coñecemento do medio e a linguaxe matemática. Nelas fanse a maioría das actividades relacionadas cos proxectos ou miniproxectos desenvolvidos en cada momento do curso.
- Aula de Arte: Nesta aula realízanse todas as actividades relacionadas coas expresións plásticas e o coñecemento da arte centrado en biografías de autores e autoras traballados.
- Aula de Lingua: Nesta aula realizamos actividades que favorezan o achegamento á lectura e a escritura a través do tratamento de textos de uso social.

Se organizarán os contidos tendendo cara un «enfoque globalizador», que debe entenderse como a opción que determina que as propostas didácticas teñan como punto de partida situacións globais, situacións comunicativas, conflitos ou cuestións sociais, problemas de calquera tipo nas que se poñerán en xogo os contidos das diferentes áreas.

Na proposta didáctica terán cabida as secuencias de aprendizaxe, os proxectos ou as unidades didácticas que engloben contidos de diferente tipo e de distintas áreas.

Educación Primaria

A metodoloxía empregada nesta etapa educativa estará fundamentada en principios metodolóxicos básicos aplicables en todas as áreas do currículo. Ao longo de toda a etapa terase en conta a vinculación metodolóxica coa etapa anterior, Educación Infantil, e coa seguinte, a Educación Secundaria Obrigatoria.

Os principios metodolóxicos que enmarcan a na nosa actividade docente son os seguintes:

- Atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe de cada neno ou nena.
- Promover a participación do alumnado para que aporte as súas habilidades, destrezas e intereses ao traballo cooperativo.



- Proporcionar aos nosos alumnos e alumnas estratexias de aprendizaxe que lles permitan valorar os procesos de aprendizaxe para regulalos ou modificalos.
- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.
- Fomentar os hábitos de lectura a través do Plan Lector.
- Fomentar hábitos de vida saudable a través da promoción do deporte e a inclusión das prácticas deportivas na vida cotiá, a través da reflexión sobre os hábitos alimentarios e a importancia da hixiene e o aseo para a mellora da saúde individual e colectiva.
- Dotar os contidos dun enfoque integrador promovendo a globalización.
- Seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias. Achegarémolos ao alumnado a través da observación, experimentación, manipulación, etc., procesos que facilitan a adquisición de aprendizaxes significativas.
- Facilitar un currículo estruturado ao redor de cuestións de interese para nenos e nenas. O papel do profesorado no seu desenvolvemento será o de conducir o proceso de aprendizaxe.
- Utilizaranse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para responder axeitadamente ás necesidades e características concretas dos nosos alumnos e alumnas.
- Favorecer o traballo en grupo do alumnado mediante a organización de tarefas e proxectos, previamente consensuados entre as aulas dun mesmo nivel, ou incluso a nivel de centro.
- Realizar actividades interdisciplinares entre o alumnado de distintos grupos e niveis.
- Utilizar a contorna como elemento motivador e vertebrador dos coñecementos e destrezas a impartir.
- Favorecer a creatividade para potenciar a imaxinación e a intelixencia.

Educación Secundaria Obrigatoria

- a) Favorecer o traballo en grupo do alumnado mediante a organización de tarefas e proxectos, previamente consensuados nas reunións dos departamentos didácticos correspondentes.
- b) Potenciar dende as materias/ámbitos o fomento da creación de hábitos de traballo en equipo e incluír este tipo de actividades nas programacións de aula.
- c) Realizar actividades interdisciplinares entre o alumnado de distintos grupos e niveis.
- d) Propiciar nas aulas, laboratorios, obradoiros, etc. a flexibilidade necesaria para levar a cabo o traballo colaborativo, xa que todas elas dispoñen de acceso ás TIC, etc.

- e) Incluir o traballo aberto (diferentes solucións) para mellorar a autonomía de aprendizaxe do alumnado.
- f) Potenciar a motivación para mellorar o clima da aula e ter o alumnado interesado no traballo.
- g) Utilizar a contorna para relacionala coa area correspondente.
- h) Favorecer a creatividade para potenciar a imaxinación e a intelixencia.
- i) Utilizar os mapas conceptuais e esquemas para relacionar e conectar os contidos.
- j) Desenvolver as adaptacións curriculares para o alumnado con necesidades educativas especiais tendo en conta as súas características persoais.
- k) Fomentar os hábitos de lectura a través do Plan Lector.
- l) Maximizar o aproveitamento dos recursos tecnolóxicos que proporcionan as aulas EDIXGAL para o desenvolvemento da práctica docente.

e) Criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos.

Educación Infantil

Tal e como explicamos no apartado de metodoloxía habitualmente as clases de Educación Infantil do CPI de Atios non teñen asignadas aulas fixas senón que se moven ao longo da mañá e ao longo da semana entre tres ambientes principais, unha aula de Números e Experiencias, unha aula de Lingua, e outra de Arte, todas elas dotadas dunha pantalla PDI. Ademais o CPI de Atios dispón dun pequeno patio cuberto e outro exterior con areeiro e xogos. O material é compartido e específico de cada aula segundo as actividades ás que está dedicada.

Educación Primaria

Utilízanse todos os recursos materiais, persoais e organizativos precisos para responder axeitadamente ás necesidades e características concretas dos nosos alumnos e alumnas. En 5º e 6º de educación primaria as aulas son EDIXGAL polo tanto todo o alumnado dispón de ordenador na clase e coa posibilidade de levalo para a súa casa. Nos cursos inferiores o alumnado ten libros de texto e todas as aulas dispoñen de pantalla PDI. O traballo por proxectos fai que nos cursos de primaria se elaboren moitos dos materiais didácticos que os mestres empregan nas súas clases, sobre todo de ciencias e lingua galega, por iso na maioría dos niveis de primeiro a cuarto de primaria só hai libros de texto para as materias de matemáticas e lingua castelá, que en moitos casos son cadernos de traballo; con todo cada ciclo ten autonomía á hora de decidir os libros de texto que van empregar en cada curso, decisión que habitualmente se toma no terceiro trimestre de cada curso e sempre que as instrucións da Consellería permitan cambialos.

Educación Secundaria

Dende o curso 2021-22 todas os niveis desta etapa teñen EDIXGAL polo tanto todo o alumnado dispón de ordenador e as súas aulas teñen pantalla dixital. Ademais destacar que dende xaneiro deste ano 2022 o CPI de Atios dispón dun aula de idiomas ou aula multidisciplinar accesible para calquera nivel, dende infantil ata secundaria.

f) Criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso.

No CPI de Atios dispoñemos das tres etapas educativas: Infantil, Primaria e Secundaria.

Etapa: Infantil: Niveis: 4º EI, 5º EI e 6º EI

Etapa: Primaria: Niveis: 1º EP, 2º EP, 3º EP, 4º EP, 5º EP e 6º EP

Etapa: Secundaria: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO e 4º ESO

En xeral somos un centro de liña dúas pero en ocasións chegamos a tres, como este curso 2022-23 en 6º de Educación Primaria e en 2º da ESO. Na etapa de Educación Infantil e, debido á presenza de escolas unitarias no Concello de Valdoviño, ás veces en algún nivel só temos unha liña, sobre todo nestes últimos anos de pandemia.

Educación Infantil e Primaria

A organización das materias en primaria son os que figuran no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de Educación Primaria en Galicia no anexo III coa distribución horaria por etapas. Dentro do bloque de disciplinas específicas o CPI de Atios, e tal e como indica a normativa vixente, oferta Relixión. A comezo do curso, as nais, os pais ou as persoas titoras legais poden manifestar a súa vontade de que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelan reciban ou non ensinanza de Relixión. No caso de que non opten por esta opción ofértase Proxecto Competencial que se dirixe ao desenvolvemento das competencias transversais a través da realización de proxectos significativos para o alumnado e da resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade, e que poderá configurarse a modo de traballo monográfico ou proxecto interdisciplinario ou de colaboración cun servizo á comunidade. En todo caso, as actividades propostas nesta área irán dirixidas a reforzar os aspectos máis transversais do currículo, favorecendo a interdisciplinidade e a conexión entre os diferentes saberes.

As actividades a que se refire este punto en ningún caso comportarán a aprendizaxe de contidos curriculares asociados ao coñecemento do feito relixioso nin a ningunha área da etapa.

A atribución docente do Proxecto Competencial correspóndelle ao profesorado de calquera das especialidades do corpo de mestres, aínda que será impartida polo titor preferentemente.

As actividades educativas deberán desenvolverse en horario simultáneo ao das ensinanzas de Relixión. Ao inicio da escolarización, realizaranse os agrupamentos do alumnado que no reciban ensinanzas de Relixión de xeito que non supoña ningún tipo de discriminación.

A outra materia que no caso de Educación Infantil e Primaria, poden escoller os pais/nais para os seus fillos/as é a Lingua Estranxeira, teñen a opción de escoller entre Lingua Francesa e Lingua Inglesa; neste caso a totalidade dos pais escollen a Lingua Inglesa, razón pola cal dende o centro se organizan clases de Lingua Inglesa para todos os alumnos. A materia de libre configuración en sexto de Educación Primaria é Hábitos Saudables coa finalidade de favorecer a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma por parte das alumnas e dos alumnos.

Educación Secundaria Obrigatoria

As materias e o horario semanal na Educación Secundaria Obrigatoria para os cursos impares son as que figuran no Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia mentres que nos cursos pares segue vixente a LOMCE.

En 1º de ESO hai 10 materias comúns (Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Inglés, Educación Física, Xeografía e Historia, Francés, Educación Plástica, visual e audiovisual, Lingua Galega e Literatura, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía e Dixitalización), 2 horas de libre disposición de centro (no noso caso 1 hora para Educación Física e outra para Lingua Galega) e outra a elixir entre Relixión e Proxecto Competencial.

En 2º de ESO ademais das materias troncais, específicas e de libre configuración autonómica (Lingua galega e literatura) ofertamos como seguintes materias de libre configuración:

CURSO	MATERIAS DE LIBRE CONFIGURACIÓN
2º ESO	Obradoiro de Plástica / Xadrez

O alumnado dos cursos primeiro e segundo da ESO que presente dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular nas materias lingüísticas, poderá quedar exento de cursar a materia de Segunda Lingua Estranxeira.

Neste caso recibirá reforzo educativo naqueles aspectos nos que se detectaron dificultades, previo o informe pertinente da persoa titora da etapa ou do curso anterior, coa colaboración do departamento de Orientación, no cal farase explícito o motivo da medida adoptada. En 1º de ESO o reforzo pode ser en matemáticas ou en lingua galega mentres que en 2º de ESO será en matemáticas ou en lingua castelá. Os reforzos en matemáticas concéntranse nos grupos "A" e os das linguas en "B" de cada nivel. Nos documentos da avaliación figurará coa mención de exento/a.

A competencia da decisión recae na dirección do centro docente (xunto coa Xefa do Departamento de Orientación), oídas as nais, os pais o os/as titores/as legais do alumnado afectado pola medida.

O alumnado de 3º de ESO cursa 11 materias comúns (Lingua Castelá e Literatura, Matemáticas, Inglés, Educación Física, Xeografía e Historia, Educación en Valores Cívicos e Éticos, Educación Plástica, visual e audiovisual, Lingua Galega e Literatura, Física e Química, Música e Bioloxía e Xeoloxía), 1 optativa a elixir entre Cultura Clásica, Oratoria, Educación Dixital e Francés e outra a elixir entre Relixión e Proxecto Competencial. Neste curso 2022-23 non houbo matrícula suficiente na materia de Oratoria co cal non se está impartindo.

Finalmente o alumnado de 4º de ESO pode cursar dúas opcións: Ensinanzas Académicas para o inicio ao bacharelato ou Ensinanzas Aplicadas dirixidas cara a formación profesional.

ENSINANZAS ACADÉMICAS. MATERIAS TRONCAIS: Xeografía e Historia, L. Castelá e Literatura, Matemáticas Académicas, Inglés, L. Galega e Literatura e Ed. Física. Ademais o alumnado pode escoller entre a opción a) Bioloxía e Xeoloxía / Física e Química ou a opción b) Economía / Latín.

ENSINANZAS APLICADAS. MATERIAS TRONCAIS: Xeografía e Historia, L. Castelá e Literatura, Matemáticas Aplicadas, Inglés, L. Galega e Literatura, Ed. Física, Ciencias aplicadas á actividade profesional e Iniciación á actividade emprendedora e empresarial.

Tanto na opción de Ensinanzas Académicas como de Ensinanzas Aplicadas pódese escoller entre 7 materias específicas (Tecnoloxía / Cultura Científica / Tecnoloxía da información e comunicación / Educación Plástica, visual e audiovisual / Música / Cultura Clásica e Lingua e Literatura Francesa). Cada curso haberá aquelas materias que teñan maior número de matrícula e sempre que os recursos dispoñibles do centro (horario de profesorado e espazos) as fagan posibles. O alumnado que teña que variar algunha das materias por non poder impartirse no centro ou por ser incompatible en horario con outra materia ofrécese a posibilidade de cambiar a matrícula, cando os itinerarios están xa pechados. Sinalar que o alumnado que en 3º de ESO cursou Cultura Clásica non poderá cursala en 4º xa que é o mesmo currículo. Neste curso 2022-23 tivemos matrícula en todas as materias específicas excepto en Cultura Clásica.

En todos os cursos da ESO, como sucedía nas etapas de Infantil e Primaria, como materias específicas ofértanse Relixión, ou Valores Éticos, segundo elección dos pais, das nais, dos/das titores/as legais ou, de ser o caso, dos alumnos ou das alumnas. No curso actual, debido a entrada da LOMLOE, nos cursos impares (en 1º e 3º de ESO) en lugar de ofertar Valores Éticos ofértase Proxecto Competencial como alternativa á Relixión.

Dado que o CPI de Atios está nun ámbito rural (un pequeno núcleo de poboación) se poderán impartir as opcións ou as materias sempre que teñan un mínimo de 5 matriculados. Se o número é inferior a 5 será necesaria a autorización expresa da Xefatura territorial da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

O alumnado procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro que se incorpore ao sistema educativo de Galicia na ESO, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega segundo establece a Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenrola o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o pluringüismo no ensino non universitario de Galicia con relación á exención da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares consecutivos.

Así mesmo para o alumnado que requira unha modificación e adaptación do currículo dende 3º de ESO hai programas de diversificación curricular. Este programa está orientado a alumnado que presenta dificultades relevantes de aprendizaxe despois de ter medidas de apoio en 1º e 2º de ESO ou a quen esta medida de atención á diversidade lle favorece para a obtención do título. Estes programas teñen unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral. Ao acabar 2º da ESO aqueles que non estean en condicións de promocionar a 3º de ESO poderán incorporarse unha vez oído o propio alumno ou alumna e os seus pais, nais ou titores legais. Os programas de diversificación curricular terán dous cursos de duración correspondentes ao 3º e 4º curso de educación secundaria obrigatoria. Neste curso 2022-2023 o CPI de Atios ten un grupo de 3º de diversificación curricular con 5 alumn@s.

g) Criterios para o deseño de actividades complementarias.

Todas as actividades complementarias están organizadas por un equipo de actividades complementarias e extraescolares (EACE) formado por membros de todas as etapas (infantil, primaria e secundaria) que traballa conxuntamente para levar a cabo estas actividades para todos os cursos e aulas. Este equipo traballa directamente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de dinamización da biblioteca.

No primeiro trimestre do curso o EACE pon en marcha o proxecto anual do centro. Para isto colócase un documento na sala do profesorado para que todo o mundo faga as súas propostas e transcorridas unhas semanas (no claustro de outubro habitualmente) decídese o tema por maioría simple. Unha vez decidido, moitas actividades do curso xirarán ao redor del.

Os criterios xerais para o deseño das actividades complementarias son:

- a) Que os obxectivos da actividade estean integrados nos obxectivos da etapa.
- b) Que estean programadas a comezo de curso e aprobadas polo Consello Escolar. Os titores /as informan aos pais / nais / titores legais das actividades a realizar e dispoñen dun documento de autorización da mesma para ter constancia que se atopa debidamente informado se a actividade se realiza fora do recinto escolar.
- c) Hai actividades que son xerais para todo o centro (Magosto, Festival de Nadal, Entroido, Día das Letras Galegas...), mentres que outras son por nivel, por área ou ciclo.

d) Como son actividades cuns obxectivos claros, e para favorecer o desenvolvemento das competencias clave, inténtase que sexan moi participativas e nunca excluíntes para todo o alumnado.

h) Criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso.

Educación Primaria

Tal e como recolle a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia no punto 2 do artigo 6 o alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior. As programación didácticas de cada materia de cada curso especifica como se realizará este tipo de recuperación das materias suspensas.

Educación Secundaria Obrigatoria

Así mesmo a mesma orde no punto 3 do artigo 8 especifica que o alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Información relevante sobre a materia ou as materias sen superar.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.

f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.

g) Seguimento e avaliación.

h) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.

i) Criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que debe permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso.

Educación Primaria

Tal e como recolle a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia no punto 3 do artigo 6 o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfase curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional. Para a elaboración do plan específico de reforzo seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes de Galicia que ten como finalidade atender e superar as dificultades que levaron a esa repetición. Este plan será elaborado polo equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico de reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.



- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

Educación Secundaria Obrigatoria

Seguindo coa mesma orde de avaliación no punto 5 do artigo 8 o alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase logo de esgotar as medidas ordinarias de reforzo e apoio para superar as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno. En todo caso, a permanencia no mesmo curso planificarase de maneira que as condicións curriculares se adapten ás necesidades do alumnado e estean orientadas á superación das dificultades detectadas, así como ao avance e ao afondamento nas aprendizaxes xa adquiridas.

Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con cantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.

Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021. Este plan elaborarao o equipo docente, baixo a coordinación do profesorado titor, e desenvolverase ao longo de todo o curso.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

Como sucede para a etapa de primaria, en cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

j) Criterios xerais do centro sobre avaliación do alumnado.

Seguindo as directrices da Orde do 25 de xaneiro de 2022 (DOG do 11 de febreiro de 2022) esta orde ten por obxecto actualizar a normativa sobre a avaliación e a promoción na educación primaria, así como a avaliación, a promoción e a titulación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato. Así mesmo, tívose en conta a orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 polo que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Carácter da avaliación

1. A avaliación ten como finalidade a valoración dos procesos e dos resultados de aprendizaxe do alumnado, e do exercicio da práctica docente.
2. O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.
3. A fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva estarase ao disposto na Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación infantil, educación primaria e educación secundaria.

Resultados da avaliación

Educación Primaria

A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e de logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación que se recollen no Decreto 155/ 2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo de educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas

adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Neste sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

Educación Secundaria

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das materias e dos ámbitos e da etapa na avaliación das materias ou dos ámbitos serán os criterios de avaliación que figuran no Decreto 156 / 2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou a obtención de graduada ou graduado en educación secundaria obrigatoria.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado de educación secundaria obrigatoria será continua, formativa e integradora.

No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe.

A avaliación do proceso de aprendizaxe do alumnado deberá ser integradora e deberán terse en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o desenvolvemento das competencias correspondentes. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice de

xeito diferenciado a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os seus criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe de cada unha delas.

Ao longo de cada curso realizaranse para cada grupo tres sesións de avaliación parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se fora o caso. As sesións de avaliación final do alumnado de educación secundaria obrigatoria deberán realizarse a partir do día 22 de xuño de 2023. A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final segundo establece a Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A cualificación definitiva das materias e dos ámbitos farase efectiva na avaliación final do curso.

Tal e como recolle o punto 9 do artigo 7 da orde do 25 de xaneiro de 2022 na avaliación final de cada curso realizarase unha valoración das competencias clave. Os resultados expresaranse nos termos de insuficiente (IN), para as cualificacións negativas, e suficiente (SU), ben (BE), notable (NT) ou sobresaliente (SB), para as cualificacións positivas.

Neste sentido hai que distinguir entre a cualificación de avaliación e cualificación final de curso.

a) Durante o curso se realizan 3 avaliacións parciais. Así mesmo, farase o seguimento da recuperación das materias ou dos ámbitos pendentes, se fora o caso. En cada unha delas o docente confeccionará para cada alumno/a unha cualificación de avaliación en base a todos os aspectos curriculares obtidos ao longo da avaliación.

b) Cada docente confeccionará a nota final de curso para cada alumno/a en base aos criterios de cualificación entregados á xefatura de estudos e reflectidos na correspondente programación da materia/ámbito, tendo en conta o carácter continuo da avaliación do alumnado na ESO en todas as materias.

c) Nos resultados debe aparecer as medidas tomadas co alumnado se fora o caso como indicamos a continuación:

- E Exención
- AC Adaptación curricular
- RE Reforzo educativo
- Enriquecemento curricular
- Agrupamento flexible

Desenvolvemento das sesións de avaliacións

Durante o curso escolar desenvolveranse unha avaliación inicial, tres sesións de avaliación parcial e unha avaliación final, a final de xuño. A sesión da terceira avaliación parcial da educación secundaria obrigatoria deberá coincidir coa sesión de avaliación final tal e como dixemos anteriormente.

Con anterioridade ao inicio de cada avaliación, cada docente de cada materia introducirá as cualificacións do alumnado no programa XADE, fixándose como hora límite as 12:00 h do día anterior á avaliación, co obxectivo de favorecer o tratamento dos datos por parte da persoa titora e do ou da xefatura de estudos.

As sesións de avaliación serán dirixidas e coordinadas pola persoa titora do grupo e nelas participará todo o profesorado que imparte docencia ou apoio nel e contará co asesoramento do Departamento de Orientación e a presenza da persoa que exerza a xefatura de estudos.

Nelas trataranse, por esta orde:

1º Cuestións de carácter xeral (alumnado por encima do límite de suspensos, alumnado por encima do límite de faltas de asistencia, materias non conformes segundo a porcentaxe de programación impartida,...)

2º Cuestións a destacar relativas a cada materia.

3º Relación das conclusións obtidas para cada alumno ou alumna (recollida da información emitida por todo o profesorado do grupo no informe).

Durante o desenvolvemento da exposición do titor/a o resto dos membros da xunta de avaliación intervirán para matizar e opinar sobre as cuestións académicas das que se vaia facendo mención.

Simultaneamente o titor/a irá recollendo por escrito todos aqueles elementos que a xunta de avaliación vaia asumindo como conclusións finais referentes ao grupo en xeral, de cada materia ou grupo de materias e de cada alumno e alumna en particular.

No caso de que tal labor non se fixese durante a fase anterior do debate, farase a proposta e valoración das medidas de adaptación pertinentes a adoptar de forma individualizada para cada alumno/a e materias que se precise, ou ben para cada materia, a aplicar ao grupo de xeito colectivo.

Neste punto prestaráselles atención especial aos casos excepcionais que merezan un tratamento máis coidadoso.

No proceso de avaliación continua a cualificación de cada unha das materias será decidida polo docente que as imparta.

Con carácter xeral, as decisións adoptadas polo equipo docente irán referidas á promoción e titulación do alumnado, ás medidas de atención á diversidade e a todas aquelas que incidan no

proceso educativo do alumnado. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros.

No suposto que no desenvolvemento da sesión de avaliación a nota dun alumno/a sexa modificada, o xefe de estudos ou xefa de estudos encargárase expresamente de modificar dita nota no programa XADE nese momento.

Sesións de avaliación inicial

Establecerase para cada grupo ao comezo do curso unha sesión de avaliación inicial que incluíra a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior, incidindo nas propostas de intervención acordadas na sesión final do curso anterior. O titor/a e ou orientadora informará das conclusións das xuntanzas do equipo de avaliación do grupo realizadas con anterioridade ao comezo da presente avaliación, nas que se puidesen concretar as citadas propostas.

Con anterioridade a estas sesións de avaliacións iniciais a orientadora do CPI de Atios reúnese, antes de comezar o curso, con todo o profesorado de cada nivel para poñer en coñecemento as características fundamentais do alumnado, especialmente o de necesidades educativas especiais.

Nesta avaliación remataranse por decidir as medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumno/a co fin de facilitar o seu progreso.

Sesións de avaliación final

Desenvolverase a final do mes de xuño e asistirá como mínimo, un membro do equipo directivo, preferentemente o xefe/a de estudos. Nela decidirase sobre a promoción e/ou titulación. De non existir unanimidade no equipo docente, a toma de decisións requirirá o acordo favorable da maioría simple dos seus membros. O docente que imparta dúas materias no curso o seu voto valerá dobre mentres que nin o profesorado de pedagogía terapéutica, nin a orientadora ou xefa de estudos teñen dereito ao voto.

O alumnado que acade a promoción de curso con materias pendentes deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á súa recuperación e á súa superación. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle o axustes que proceda. Na sesión de avaliación final do curso en que estean escolarizados o alumno ou a alumna, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirán sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberán obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta para os efectos de promoción e/ou titulación.



Informe final de avaliación

Todas as materias contribúen á adquisición de todas as competencias clave. Así, como centro, consensuamos unha ponderación matemática para repartir o peso de cada materia sobre cada competencia, quedando como sigue:

COMPETENCIA:

Comunicación lingüística. REPARTO EN SECUNDARIA: 30% LCast + 30% LGal + 15% Inglés + 15% Francés + 10% RESTO.

Plurilingüe. REPARTO EN SECUNDARIA: 50% Inglés + 50% Francés.

Matemática e competencias en ciencia, tecnoloxía e enxeñería. REPARTO EN SECUNDARIA: 40% Matemáticas + 30% Ciencias da Natureza + 10% Tecnoloxía + 5% Informática + 5% Ciencias sociais, xeografía e historia + 10% RESTO.

Dixital. REPARTO EN SECUNDARIA: 40% Informática + 30% Tecnoloxía + 30% RESTO.

Persoal, social e de aprender a aprender. REPARTO EN SECUNDARIA: TODAS PONDERAN IGUAL: media aritmética.

Cidadá. 40% Educación en Valores Cívicos e Éticos + 30% Ciencias sociais, xeografía e historia + 30% RESTO.

Emprendedora. REPARTO EN SECUNDARIA: TODAS PONDERAN IGUAL: media aritmética.

En conciencia e expresións culturais. REPARTO EN SECUNDARIA: 25% Música + 25% Educación plástica e visual + 15% Ciencias sociais, xeografía e historia + 10% Lingua castelá e literatura + 10% Lingua galega e literatura + 5% Educación física + 5% Cultura Clásica + 5% RESTO.

Información adicional:

- Cando non se curse unha materia ponderada a súa ponderación acumularase ao grupo denominado “RESTO”.
- A ponderación de Ciencias da Natureza repartirase equitativamente entre Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química en 3º e 4º ESO.
- Para o “Programa de Diversificación Curricular”, os ámbitos suman as ponderacións das materias que engloben.

Para o desenvolvemento deste cadro existirá unha folla de cálculo na cal, o responsable TIC, incluírá as cualificacións de cada alumno, co obxectivo de obter unha cualificación numérica final para cada competencia.

Unha vez obtidas as cualificacións numéricas de cada alumno en cada competencia establécese o seu nivel de adquisición nelas segundo o seguinte criterio:

- **MOI BAIXO:** fáltalle bastante para adquirir a competencia. Nota <3 .
- **BAIXO:** está moi próximo a adquirir a competencia pero aínda non está plenamente lograda. Nota >3 pero <5 .
- **ACEPTABLE:** adquiriu a competencia de xeito suficiente. Nota >5 pero <6 .
- **BO:** adquiriu plenamente a competencia. Nota >6 pero <8 .
- **EXCELENTE:** adquiriu sobradamente a competencia e aplícaa en grao moi satisfactorio. Nota >8 pero <10 .

O titor/a de grupo incluírá no informe final de avaliación o nivel de adquisición de cada competencia para cada alumno/a.

Outro aspecto importante desde o punto de vista curricular son as avaliacións que se realizarán en Galicia coa implantación da LOMLOE. Con elas preténdese analizar, mediante probas obxectivas, o nivel de competencias adquirido polo alumnado en 4º de primaria e en 2º de ESO (que se realizarán no vindeiro curso 23-24).

O resultado das probas é comunicado á comunidade educativa e teranse en conta á hora de realizar as programacións. Os resultados de cada convocatoria figurarán na memoria da Programación Xeral Anual do curso correspondente.

Outras consideracións

O alumnado de 1º e 2º de ESO que non curse a materia común de segunda lingua estranxeira (DOG del 11 de xuño do 2019 no punto quinto) será valorado de xeito cualitativo, no progreso nas actividades de reforzo que estea desenvolvendo. Nos documentos de avaliación figurará como exento.

A avaliación do alumnado con necesidade específica de apoio educativo rexerá de acordo coa Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, pola que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sen prexuízo do anteriormente indicado, na avaliación do alumnado que presente necesidades educativas especiais, que curse as ensinanzas correspondentes á educación secundaria obrigatoria

con adaptacións curriculares, en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas polo alumnado.

k) Criterios xerais sobre a promoción e a titulación

Promoción en Educación Infantil e Primaria

En canto á promoción, o artigo 6 da orde do 25 de xaneiro de 2022 polo que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria establece o seguinte:

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzara o curso anterior.
3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerarase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.
4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.
6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.



Promoción en Educación Secundaria Obrigatoria

Así mesmo o artigo 8 da orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria establece o seguinte en canto a promoción nesta etapa:

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
 - a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
 - b) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
 - c) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
 - d) Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.
3. O alumnado que acade a promoción de curso con materias sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinada á súa recuperación e á súa superación.
4. Para a elaboración e o seguimento do plan de reforzo a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021, como xa dixemos anteriormente.
5. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional. Estas condicións recolleranse nun plan específico personalizado con tantas medidas se consideren adecuadas para este alumnado.
6. Para a elaboración e o seguimento do plan específico personalizado a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021.



7. A alumna ou o alumno poderá permanecer no mesmo curso unha soa vez, e dúas veces como máximo ao longo do ensino obrigatorio. De xeito excepcional poderase permanecer un ano máis no cuarto curso, aínda que se esgotase o máximo de permanencia, sempre que o equipo docente considere que esta medida favorece a adquisición das competencias establecidas para a etapa.

8. O alumnado con altas capacidades poderá ver adiantado o inicio da escolarización na etapa de educación secundaria obrigatoria logo da avaliación psicopedagóxica.

Para os efectos de promoción de curso computarase como materias con avaliación negativa tanto as suspensas do propio curso como as de cursos anteriores.

En caso de alumnado con adaptación curricular os referentes da avaliación serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao seguinte curso.

Titulación en Educación Secundaria Obrigatoria

1.-Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación.

2.-Obterá o título de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria aquel alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:

a) Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.

b) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.

c) Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.

3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.

4.-As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.

5.-O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en



conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso.

Segundo especifica o artigo 12 da orde de avaliación do 25 de xaneiro de 2022

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso.

En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.

3. No CPI de Atios acordamos en reunión de coordinación pedagóxica que, no caso de que haxa un empate na nota media do cuarto curso e non se poidan dar todas as mencións, revisarase a nota media de 3º de ESO que dará lugar ao desempate (a alumna ou o alumno con máis nota media en 3º de ESO será o que leve a matrícula de honra).

1) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas.

O capítulo V do DOG do 29 de xullo do 2015 recolle no artigo 13 os elementos que deben ter como mínimo as programacións didácticas de cada materia. Os ciclos ou departamentos didácticos do CPI de Atios desenrolarán o currículo de cada etapa mediante as programacións didácticas de cada materia de cada curso. A programación didáctica debe ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenrolar o proceso de ensino aprendizaxe do alumnado de xeito coordinado entre o profesorado integrante dos ciclos ou dos departamentos. Así, no noso centro, as programacións didácticas, tanto de educación primaria como de secundaria, deberán conter os seguintes aspectos:

- 1.-Introdución e contextualización.
2. Contribución da materia ao desenvolvemento das competencias clave.
3. Obxectivos por curso.

- 4.- Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliable: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación.
5. Metodoloxía didáctica.
- 6.- Materiais e recursos didácticos que se van empregar.
- 7.-Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.
- 8.-Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- 9.-Organización de actividades de seguimento, recuperación e avaliación de materias pendentes.
- 10.-Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.
- 11.-Medidas de atención á diversidade.
- 12.- Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso correspondente.
- 13.- Actividades complementarias e extraescolares programadas.
- 14.-Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

m) Criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas.

Para a participación do CPI de Atios en programas Erasmus, programas de formación de profesorado, seccións bilingües, etc o centro diseña a seguinte estratexia:

1. Informa no primeiro claustro de setembro a todos os seus membros.
2. Esta información a traslada á primeira reunión de coordinación pedagóxica (CCP).
3. Unha vez recibida toda esta información os ciclos e departamentos o falan entre os seus membros.
4. A continuación a dirección do centro analiza a viabilidade de levalos a cabo.
5. Todos os implicados no proxecto deben comprometerse a participar nel.
6. A votación faise no segundo claustro de setembro, informando ao Consello Escolar.

n) Procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular.

O CPI de Atios dentro do marco establecido pola Administración educativa, desenvolve a súa autonomía organizativa, favorecendo o traballo en equipo do profesorado. O centro traballa o



currículo e as medidas de atención á diversidade establecidas pola Consellería de Educación adaptándoas ás características do alumnado e a súa realidade educativa, co fin de atender a todo o alumnado. Así mesmo ideará métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos/as e que promovan o traballo en equipo. Polo tanto a concreción curricular é un documento flexible que a final de cada curso (ou incluso dentro do propio curso) pode ter que ser revisado en función dun cambio de lexislación ou incluso por unha nova oferta educativa en canto a materias optativas, de libre configuración ou incluso debido a un cambio metodolóxico importante no proceso de ensino - aprendizaxe.